

**ACTA NUMERO TRINTA E DÚAS DAS CELEBRADAS
POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE
CONCELLO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA VINTE E
NOVE DE MARZO DE DOUS MIL DEZ : - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

D. Salvador Duran Bermúdez
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Angel Casal Moldes
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Manuel López Méndez
D. Martín Otero Otero
D. Mario Caldas Agís
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. Albino Caneda González
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. José-Ramón López Fernández
D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

NON ASISTEN :

D^a Gloria González Camiña
D. Manuel Lores Puente

INTERVENTOR :

D. José – Juan vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Ángel – Luis López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de marzo de dous mil dez, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse no Salón de Sesións os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión ao obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria.-----

A) PARTE DISPOSITIVA :

ACTA ANTERIOR :

371 : APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 25 DE XANEIRO DE 2010 : Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que sométese a aprobación.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista**, sinalou que quería que constase na acta que cando retiraba un rogo ou pregunta explicaba que era debido a que xa se solucionara o obxecto do mesmo.

O **Sr. Secretario** manifestou que se incluíría na acta o apuntado pola **Sra. Aguín Pombo**. Ao non formularse máis observacións a **Sra. Presidenta** someteu a votación a referenciada acta coa inclusión do observado pola única concelleira interviniente, resultando aprobada por unanimidade dos membros da Corporación presentes.-----

372 : TOMA DE POSESIÓN DE D. MARIO CALDAS AGÍS, CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. : Polo **Sr. Secretario** faise constar que **D. MARIO CALDAS AGÍS**, unha vez recibida no Concello a súa credencial de concelleiro electo, presentou a declaración de intereses e actividades e causas de posible incompatibilidade.

En cumprimento do artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, que literalmente di: *“No momento de tomar posesión e para adquiri-la plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimenta-los demais requisitos previstos nas leis ou regulamentos respectivos”*, visto o artigo 1 do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas, o **Sr. Caldas Agís** xurou o acatamento á Constitución e a **Sra. Presidenta**, cumprido o citado requisito, o declara posesionado do seu cargo de concelleiro.-----

373 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE D. CONSTANTINO SANMARTÍN QUIÑONES COMO MEMBRO DO CONSELLO REITOR NA “MANCOMUNIDADE PARA O SERVIZO DE VERTEDOIRO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DOS CONCELLOS DE PONTEVEDRA E SANXENXO” : Polo **Sr. Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de data 25 de Marzo de 2.010 sobre esta proposta.

Ao non producirse intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que a Corporación Municipal, pola unanimidade dos seus membros presentes, adoptou o seguinte acordo:

“Nomear ao concelleiro **D. Constantino Sanmartín Quiñones** para que forme parte do **Consello Reitor** de “**Mancomunidade para o Servizo de Vertedoiro de Residuos Sólidos Urbanos dos Concellos de Pontevedra e Sanxenxo**” en representación deste concello e en substitución da Sra. Fernández Trelles”.-----

374 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE D. MANUEL LÓPEZ MÉNDEZ COMO REPRESENTANTE DO CONCELLO DE SANXENXO NA XUNTA XERAL E NO CONSELLO DE ADMÓN. DA EMPRESA MIXTA “TURISMO DE SANXENXO, S.L.”: Polo **Sr. Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de data 25 de Marzo de 2.010 sobre esta proposta.

Ao non producirse intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que a Corporación Municipal, pola unanimidade dos seus membros presentes, adoptou o seguinte acordo:

“Nomear ao concelleiro **D. Manuel López Méndez** membro da **Xunta Xeral** e do **Consello de Administración** da empresa mixta “**Turismo de Sanxenxo, S.L.**”, en substitución da Sra. Fernández Trelles”.-----

375 : PROPOSTA DA ALCALDÍA RESPECTO AO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE SANXENXO E A CONTRATACIÓN DA SÚA XESTIÓN POLA FORMA DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA : Polo **Sr. Secretario** dáse conta do do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de data 25 de Marzo de 2.010 sobre a proposta que a continuación se transcribe:

“”PROPOSTA DA ALCALDIA

Ante a a próxima finalización do contrato de concesión administrativa do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria do concello, realizáronse os pasos previos para proceder a unha nova adxudicación do contrato tendo en conta as peculiaridades de movemento de poboación con carácter estacional que ten que atender este concello.

En primeiro lugar, procedeuse a elaboración por parte do interventor municipal, do proxecto de explotación, coa inclusión nel do prego de prescricións técnicas, que determinara os aspectos fundamentais da prestación do servizo incluíndo parámetros de carácter económico que permitiran demostrar a súa viabilidade e custo. O referido proxecto, está orientado a que o servizo siga prestándose mediante xestión indirecta, mediante a forma de concesión administrativa considerada no artigo 253.a) da Lei 30/07, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, como unha das modalidades posibles na contratación da xestión deste tipo de servizos ao igual que nos artigos 114 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais. A elección da concesión administrativa como forma indirecta de prestación do servizo atópase plenamente xustificada no proxecto de explotación citado, e ademais é coherente co feito de que o concello, logo dun período de dez anos de prestalo servizo baixo esta modalidade, non pode asumir neste intre unha prestación directa.

Definida a modalidade de xestión do servizo a través do proxecto, neste tamén establécese a súa réxime detallada de prestación coa contraprestación económica procedente, xunto coa definición das tarefas a desenvolver pola concesionaria no prego de prescricións técnicas, mentres que, o ámbito xurídico da prestación do servizo, independentemente da normativa contida na Lei de Contratos do Sector Público e do Regulamento de Servizo das Corporacións Locais, complétase co Regulamento municipal de Protección de Medio Ambiente, Limpeza Pública e Recollida de Lixo do concello de Sanxenxo e demais normativa sectorial de aplicación que se relaciona no proxecto de explotación, establecendo no seu conxunto, un axeitado marco xurídico de prestación do servizo.

Ao expediente incorpóranse aparte do proxecto de explotación o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como o preceptivo informes de secretaría e a fiscalización da intervención municipal, precisándose que a adxudicación se realizará mediante procedemento aberto, considerado pola art. 122.2 como o ordinario para a adxudicación, con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria.

En base a todo o anterior, propoño ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro: Manter a concesión administrativa como forma de xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria.

Segundo: Aprobar o proxecto de explotación da concesión administrativa do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria que figura unido a esta proposta.

Terceiro: Aprobar o expediente de contratación, no que se inclúe o prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria durante un prazo de vinte anos, ascendendo o seu importe total, como máximo, a 54.379.893,29 € e dispoñer da apertura do procedemento de adxudicación, que será aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria.

Cuarto: Autorizar o gasto previsto no prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas para a prestación do servizo no ano 2010, co compromiso de incluír nos futuros presupostos a financiación necesaria para atender as contraprestacións económicas que resulten para o concello de Sanxenxo da adxudicación deste contrato.”

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP, interviu para solicitar que o asunto quedase sobre a mesa a efectos de estudar variables en canto ao prazo de duración do contrato e o seu montante económico.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, dixo que el tamén ía a pedir que o asunto quedase sobre a mesa, co que se ía aforrar unha intervención durísima respecto do fondo do tema.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, aludiu a que non entendía como, co prazo xa practicamente vencido, se truxera unha proposta a pleno e agora se pedía que quedase sobre a mesa, preguntándose cal é o motivo desta petición.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, en primeiro lugar felicitou ao concelleiro recién posesionado do seu cargo e, a continuación, agradeceu que este asunto quedase sobre a mesa para traer a pleno unha proposta mellor.

O **Sr. Casal Moldes** subliñou que un asunto tan importante como este e de tan longa duración era necesario estudar novas variables que permitisen adoptar a mellor decisión.

O **Sr. Otero Domínguez** voltou a reincidir en que os prazos están practicamente rematados e que este proceder non lle parecía serio.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** argumentou que, se se ía a deixar o asunto sobre a mesa, este non era o foro para tratar posibles modificacións esperando que se convoque a comisión con tempo suficiente.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que se detectaron cuestións que necesitan un maior estudo e precisou que o contrato está actualmente en vigor.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta de que este asunto quedase sobre a mesa a votación, na que deuse o seguinte resultado :

Votos a **favor** : doce (**Grupo Municipal do P.P., Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto**).

Votos en **contra** : cero.

Votos pola **abstención** : tres (**Grupo Municipal do B.N.G.**).

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, acordou deixar este asunto sobre a mesa.-----

376 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO E REXISTRO MUNICIPAL DE SOLARES E CONSTRUCIÓN PARALIZADAS, RUINOSAS, DERRUÍDAS OU INADECUADAS DO CONCELLO DE SANXENXO : Polo **Sr. Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Urbanismo de data 25 de Marzo de 2.010 sobre esta proposta.

Ao non producirse intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a **favor** : trece (**Grupo Municipal do P.P., Grupo Municipal do B.N.G. e Grupo Municipal Mixto**).

Votos en **contra** : cero.

Votos pola **abstención** : dúas (**Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**).

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: Estimar Parcialmente a Alegación formulada por **D. Enrique Santos Pombo**, e **desestima-lo resto das Alegacións presentadas** polos motivos referidos no Informe do Técnico da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 10 de febreiro de 2010.

SEGUNDO: Aprobar Definitivamente o Texto da Ordenanza Reguladora do Funcionamento e Organización do Rexistro Municipal de Solares e Construcións Paralizadas, Ruinosas, Derruidas ou Inadecuadas do Concello de Sanxenxo, incorporando parcialmente o contido da Alegación presentada por D. Enrique Santos Pombo, cuxo texto é o que a continuación se reflicte:

**ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOLARES E CONSTRUCCIÓN PARALIZADAS, RUINOSAS, DERRUIDAS OU INADECUADAS DO CONCELLO DE SANXENXO.
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

O artigo 33 da Constitución Española recoñece o dereito á propiedade privada; se ben o haz de facultades, dereitos e obrigas derivadas da súa titularidade se atopa delimitado pola función social deste dereito, conforme o establecido na leis. Asemade, o art. 47 da Carta Magna recoñece o dereito de tódolos españois a disfrutar dunha vivenda adecuada, e impón ós poderes públicos a obriga de promove – las condicións necesarias para a utilización do solo de acordo co interés xeral, coa finalidade de impedi – la especulación.

O Rexistro Municipal de Solares é un instrumento destinado a promove – la súa edificación e a rehabilitación das construcións nos prazos fixados polo ordenamento urbanístico, cuxa regulamentación se remonta a Lei sobre o Réximen do Solo e Ordenación Urbana de 12 de Maio de 1956.

Posteriormente, o RD 1346/1976, 9 abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Réximen do Solo e Ordenación Urbana contemplaba o proceso edificatorio como unha obriga atribuída os propietarios do solo, fixando os prazos para o cumprimento desta, e as consecuencias derivadas de non leva – la a efecto.

En semellante liña, a vixente Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA), adica os seus artigos 188 e seguintes a determina – los prazos nos que os propietarios de solares han de executar – las súas edificacións, determinando, entre as consecuencias derivadas do seu incumprimento a inscrición forzosa no Rexistro Municipal de Solares, así como o sometemento o réxime de edificación forzosa ou á súa expropiación, conforme o disposto nos arts. 190 a 193 da LOUGA.

Asemade, o art. 36 da RDLexislativo nº 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto lexislativo da lei do Solo –corpo normativo estatal básico, plenamente vixente– contempla a posibilidade da Administración, ante o incumprimento da obriga de edificar, de que a Administración poida expropia – lo inmovible, e somete – lo ó rexime de sustitución forzosa ou ó de venda forzosa.

A exigua regulamentación da institución obxecto de Informe contida na vixente Lei galega, ha de completarse coa prevista nos instrumentos normativos de inferior rango. Así, cómpre significar que o Real Decreto 304/1993, de 26 de Febrero, polo que se aproba a taboa de vixencias dos Regulamentos de Planeamento, Xestión Urbanística, Disciplina Urbanística, Edificación Forzosa e Registro Municipal de Solares e Parcelacións, deixou en vigor determinados precepto do Decreto 635/1964, de 5 de Marzo, que aprobaba o Regulamento de Edificación Forzosa e do Rexistro Municipal de Solares; corpo normativo, que veu a que se establece – lo desenvolvemento regulamentario do Rexistro Municipal de Solares aplicable a Comunidade Autonoma de Galicia. Sendo de apuntar que o artigo 8 do citado Decreto

establece que tódolos Concellos que teñan aprobado o seu Planeamento Xeral haberán de constituir este Rexistro Público.

Do exposto anteriormente se colixe, sen xénero de dúbidas, a **obriga legal imposta á Administración Local de constituir formalmente o "Rexistro Municipal de Solares e de Construcións Paralizadas, Ruinosas, Derruidas e Inadecuadas"**, pero tamén a **conveniencia de adoptar esta medida**, se temos en conta que o art. 177.2, párrafo 2º –na súa redacción atribuída por Lei 6/2008, de 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo– imposibilita a Administración Municipal que non teña constituido este Rexistro Público, así como o Patrimonio Municipal do Solo, a formalización de operacións de alleamento e de permuta do Patrimonio Municipal do Solo. Polo que a falla deste Rexistro supón un grave escollo xurídico que impide á Administración Municipal facer uso dun dos instrumentos máis importantes que a lei lle atribúe, para intervenir no mercado do solo.

Finalmente, ha de sinalarse que a presente ordenanza ten o seu fundamento no artigo 4.1.a) da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), o cal atribúe ós Concellos potestade regulamentaria, é dicir, capacidade para desenvolver, dentro da esfera das súas competencias, o disposto nas leis estatais ou autonómicas. Como consecuencia desta potestade, os Concellos poden ditar disposicións de carácter xeral e de rango inferior a lei, sen que, en ningún caso, estas disposicións poidan conter preceptos opostos ás leis.

TITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Art. 1.- Do Obxecto desta Ordenanza.

A presente Ordenanza ten por obxecto regula – lo funcionamento, organización e a estrutura do Rexistro Municipal de Solares e Edificacións paralizadas, ruinosas, derruidas ou inadecuadas do Concello de Sanxenxo, no que haberán de incluírse os solares e edificacións que reúnan as condicións fixadas nesta norma, respecto dos que os seus propietarios incumpran o seu deber de edificar ou de rehabilitar, nos termos contemplados na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), e demais normativa que resulte de aplicación.

Art. 2.- Do Ámbito de aplicación.

Aplicarase respecto dos solares e construcións emprazados no termo municipal de Sanxenxo.

Art. 3.- Dos Prazos de Edificación e de Rehabilitación.

1. Os prazos para o cumprimento do deber de edificar ou rehabilitar serán os fixados polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sanxenxo, ou polo planeamento de desenvolvemento aprobado definitivamente, en función da clasificación e calificación do solo. No caso de que o prazo non apareza fixado, éste será de dous anos.
2. No solo urbanizable e no solo urbano non consolidado, o prazo para o cumprimento do deber de edificar comezará a contarse dende a conversión dos terreos en solares.
3. Polo que respecta ó solo urbano consolidado, o devandito prazo comezará a contarse dende a Aprobación Definitiva do Plan Urbanístico que conteña a súa ordenación detallada, aínda que os terreos non reúnan a condición de solar. Neste caso, o deber de edificar abarcará, tamén, a obriga de dotar á parcela dos elementos de urbanización necesarios para que alcance a condición de solar.

Art. 4.- Da Prórroga dos Prazos para edificación ou rehabilitar.

A administración poderá conceder prórrogas cunha duración máxima conxunta dun ano, a petición dos interesados, por causas xustificadas e de forma motivada. Non obstante o anterior, non poderán concederse prórrogas para construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección se xa se outorgaron licenzas para construí – la metade da edificabilidade residencial destinada a vivenda libre prevista no polígono en que se empace o solar.

Art. 5.- Do Incumprimento do Deber de Edificar ou de Rehabilitar. Consecuencias.

Se vencera o prazo concedido para cumprir – los deberes de edificar ou de rehabilitar, incluídas as súas eventuais prórrogas, sen ter sido cumpridos, o Concello decretará mediante Acordo ou Resolución do órgano competente, a inscrición obrigatoria do Solar ou Edificación de que se trate, no Rexistro Municipal de Solares, e Construcións paralizadas, ruinosas, derruidas ou inadecuadas, mediante o procedemento determinado no Título III desta Ordenanza.

TITULO II.- REXISTRO DE SOLARES. ORGANIZACIÓN, ELEMENTOS A INSCRIBIR E CONTIDO.

Art. 6.- Da Organización do Rexistro.

1. O Rexistro Municipal de Solares e Construcións Paralizadas, ruinosas, derruidas e inadecuadas se organiza en dúas seccións:
 - a. De Solares.
 - b. De Construcións Paralizadas, ruinosas, derruidas e inadecuadas.
2. Conforme ó disposto no art. 4.17 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, a xestión administrativa e levanza do Rexistro corresponderá á Xerencia Municipal de Urbanismo; sendo, en concreto, competencia atribuída ó seu Xerente, en virtude do art. 29.2 do mesmo corpo regulamentario.
3. O Rexistro deberá levarse mediante Libros debidamente foliados e dilixenciados, así como en soporte informático, e garantirá a constancia da totalidade dos datos e circunstancias contempladas no art 9 desta Ordenanza.

Art. 7. Dos Elementos susceptibles de ser inscritos no Rexistro.

Son susceptibles de ser inscritos no Rexistro os Solares e Construcións, respecto dos que os seus propietarios tiveran incumplido as obrigas legais de edificar ou rehabilitar nos prazos legalmente establecidos, que se atopen nalgunha das situacións que a continuación de relacionan:

A) Solares non edificados, que carecen na súa totalidade de construcións permanentes, ou a parte dos mesmos non utilizada e susceptible de aproveitamento, con arranxo a normativa urbanística.

B) Construcións paralizadas. Que son aquelas obras abandonadas ou suspendida a súa execución.

Se a construción estivera sendo realizada ó amparo dunha Licencia Urbanística, se entenderá que se atopa nesta situacións cando a interrupción na súa execución se prolongase durante o prazo sinalado en dito título administrativo, ou no seu defecto, durante o prazo de 6 meses consonte ó disposto no art. 197 LOUGA.

C) Construcións derruidas. Que son aquelas nas que concorran algun deste dous supostos:

c.1. Edificacións nas que desaparecera como mínimo o 50% do volume aproveitable da

- construcción.
- c.2. Edificacions inhabitables en mais dun 50% da súa capacidade.
- D) Edificacions ruinosas. Que son as que teñen sido declaradas así consonte a lexislación vixente. A declaración de ruina conleva a inscrición da edificación no Rexistro de Solares e Construcións paralizadas, ruinosas, derruidas e inadecuadas.
- E) Construcións inadecuadas, entendendo por tales:
- e.1. As que teñan un volume inferior ó 50% do mínimo autorizado polas Ordenanzas da Edificación en relación coa superficie aproveitable.
- e.2. As que en máis dun 50% do seu volume ou da superficie construída esté destinada a uso urbanístico contrario o previsto na ordenación urbanística.
- e.3. As que, ademais de estar en manifesta desproporción coa altura legalmente autorizada e corrente na zona na que se emprace, desmerezan polo seu estado, condición ou clase das demais do seu entorno.
- e.4. As edificacións provisionais que se estiman inadecuadas, salvo cando a lexislación vixente dispoña outra cousa.

Art. 8.- Da Publicidade do Rexistro.

O Rexistro terá carácter público, polo que calquera persoa se atopará facultada para consultalo, así como para obter as correspondentes Certificacións do seu contido.

Art. 9. Do Contido do Rexistro de Solares.

O Rexistro Municipal de Solares e construcións paralizadas, ruinosas, derruidas ou inadecuadas expresará, respecto de cada solar ou edificación, as circunstancias seguintes:

- a) Situación e nome do solar ou construción, se o tivera.
- b) Extensión e linderos do solar ou construción con determinación, se fora posible, da medida destes.
- c) Natureza do solar ou construción, o seu destino e cantos datos permitan a súa mellor identificación.
- d) Nome, apelidos e domicilio do propietario.
- e) Cargas, gravames e situacións xurídicas inscritas no Rexistro da Propiedade e circunstancias persoais dos seus titulares.
- f) Referencia os datos de inscrición no devandito Rexistro.
- g) Prazo de edificación e prórrogas, no seu caso, con referencia o documento que o determinar.
- h) Referencia ós datos do Rexistro Fiscal de Edificios e Solares, se constaren, e os documentos cobratorios municipais
- i) Inquilinos, arrendatarios e ocupantes do inmovible.
- j) Valor urbanístico do solar.
- k) Farase consta – la resolución firme que declare incumplida a obriga de edificar, a súa inscrición no Rexistro da Propiedade correspondente; e, se fora o caso, o sometemento do solar ou construción os mecanismos de edificación forzosa, expropiación ou venda forzosa.

TITULO III.- DO PROCEDIMENTO DE INCLUSIÓN NO REXISTRO.

Art. 10.- Da Tramitación do Expediente.

1. O expediente tramitarase conforme as normas seguintes:

- a) A incoación notificarase ó propietario da solar, ós arrendatarios, inquilinos, ocupantes ou moradores da mesma, así como ós titulares de dereitos reais e situacións xurídicas inscritos ou anotados no Rexistro da Propiedade. Así mesmo, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, e comunicarse, en todo caso, á Administración Autonómica.

- b) Dentro dos quince días seguintes á notificación individual, os interesados poderán alega – lo que tiveren por convinte, e achegar ou propo – las probas oportunas. Cando non fora posible practicar notificación persoal, o prazo computarase a partir da publicación do anuncio no taboleiro ou no xornal oficial, conforme establece o art. 59 da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Rexime Xurídico das Administracións e do Procedemento Administrativo Comun (LPC).
 - c) Transcorrido o trámite de audiencia e practicada – las probas que foran declaradas pertinentes, o Xerente de Urbanismo, previo informe dos Servizos Xurídicos e Técnicos Municipais someterá a proposta de resolución ó órgano competente do Concello. En todo caso, o expediente deberá resolverse dentro do prazo de seis meses, contados dende a incoación do expediente.
2. A Resolución ou Acordo adoptado será notificado ós propietarios, ós demais interesados, e comunicado á Administración Autonómica.

Art. 11.- Da inclusión da solar ou edificación e os seus efectos.

1. A inclusión dun inmovible no Rexistro practicarase en virtude do Acordo Municipal polo que se declare o incumprimento do deber de edificar e a súa inclusión no Rexistro de Solares.
2. Dita Resolución farase constar no Rexistro da Propiedade, en virtude de certificación expedida polo órgano competente.

TITULO IV.- CONSECUENCIAS DA INCLUSIÓN NO REXISTRO. ACTUACIÓNS.

Art. 12.- Incumprimento dos deberes de edificar unha vez incluído no Rexistro.

1. Transcorridos dous anos dende a inscrición do solar ou da edificación no Rexistro Municipal sen que se dera cumprimento ó deber de edificar ou de rehabilitar, o Concello decretará a edificación forzosa do solar ou a rehabilitación forzosa do inmovible, ou se é o caso, a súa expropiación, ben de maneira directa ou a través dunha sociedades urbanística pública, ou ben mediante un particular denominado axente edificador, consonte o disposto nos arts. 191 a 193 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
2. Asemade, a Administración poderá acorda – la aplicación do réxime de venda forzosa, ó abeiro do disposto nos arts. 36 e 37 do RDLex. 2/2008, e art. 156 e seguintes do RD 1346/1976, de 9 abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Réximen do Solo e Ordenación Urbana. A venda forzosa deberá ser adxudicada mediante procedemento con publicidade e concorrencia.
3. A valoración das fincas ou edificacións que sexan obxecto de expropiación ou respecto das que se aplique o réxime de venda forzosa serán valoradas consonte ós criterios legais que resulten de aplicación.
4. Os prazos que se establezan para que o adxudicatario do solar ou edificación cumpra coa súa obriga de edificar, tra – la aplicación dos mecanismos indicados nos apartados anteriores, non poderán ser superiores ca os outorgados inicialmente para os propietarios dos soares ou edificacións.

Disposición Final.

Única.- Esta Ordenanza entrara en vigor nos prazos contemplados nos arts. 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Rexime Local, e a súa vixencia será indefinida en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

TERCEIRO: Publica-lo acordo Plenario de Aprobación Definitiva da Ordenanza Reguladora do Funcionamento e Organización do “**Rexistro Municipal de Solares e Construcións Paralizadas, Ruinosas, Derruidas ou Inadecuadas do Concello de Sanxenxo**”, co seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), consonte ao disposto no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.-----

377 : EXPTE. Nº U-180/08 DE “MARINA PORTONOVO, S.L.”. PROPOSTA DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA REAXUSTE DE VOLUMES E ALIÑACIÓNS, NAS RÚAS DA MARINA E PROGRESO DE PORTONOVO” : Polo Sr. **Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Urbanismo de data 25 de Marzo de 2.010 respecto da proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Ao non producirse intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a **favor** : **doce** (**Grupo Municipal do P.P., Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto**).

Votos en **contra** : **cero**.

Votos pola **abstención** : **tres** (**Grupo Municipal do B.N.G.**)

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o “**ESTUDO DE DETALLE PARA REAXUSTE DE ALIÑACIÓN NO ÁMBITO TERRITORIAL COMPRENDIDO ENTRE AS RÚAS DA MARINA E PROGRESO DE PORTONOVO**”, tramitado a instancia da mercantil “**MARINA PORTONOVO, S.L.**”, de conformidade co proxecto refundido, redactado polo arquitecto D. José-Antonio Sueiro Sueiro, con visado colexial de 04 de novembro de 2009.

SEGUNDO: Ter por extinguida a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e demolición no ámbito do Estudo de Detalle para o reaxuste de aliñacións no ámbito territorial comprendido entre as rúas da Marina e Progreso de Portonovo, conforme o disposto no art. 77.3 párrafo segundo da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

TERCEIRO: Publicar o acordo de aprobación definitiva do Estudo de Detalle para reaxuste de aliñacións no ámbito territorial comprendido entre as rúas da Marina e Progreso de Portonovo, no prazo dun mes dende a súa adopción no Diario Oficial de Galicia, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial de Pontevedra, ó abeiro do disposto no art. 92.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. E notificar dito Acordo ós interesados no expediente.

CUARTO: Comunicar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, conforme o disposto no art. 92.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o Acordo de aprobación definitiva do Estudo de Detalle para reaxuste de aliñacións no ámbito territorial comprendido entre as rúas da Mariña e Progreso, da vila de Portonovo, e á vez darlle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con tódolos planos e documentos que integran o Estudo de Detalle sobre o que tivera recaído o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar dito extremo. Referindo no anuncio de aprobación definitiva a remisión da documentación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.-----

378 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO “REGULAMENTO MUNICIPAL DO PROGRAMA “PAIFILLONAI” : Polo Sr. Secretario dáse conta do dictame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de data 25 de Marzo de 2.010 sobre esta proposta .

A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do BNG, non comparte a modificación que se realiza no artigo 6 por canto sitúa aos veciños de Sanxenxo ao mesmo nivel para beneficiarse do Programa que os do calqueira outro concello, aludindo a que o obxectivo parecía ser cubrir as prazas e non conciliar a vida familiar.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Mixto e o Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, dixeron que votarían a favor da proposta.

A Sra. Alcaldesa indicou que non comprendía que o BNG votara non a este programa, que era deficitario para o Concello. Engadiu que ela defendía aos veciños de Sanxenxo pero dentro da lei e que coa modificación se procuraría a mellora do servizo co menor custo posible.

A Sra. Fernández Agraso especificou que non se atopa en contra do servizo, pero si da modificación do artigo 6 tal e como explicara na anterior intervención, recalcando que si o programa era deficitario tal déficit o pagaba o Concello de Sanxenxo e por eso deberían beneficiarse os seus nenos.

A Sra. Alcaldesa reiterou que a modificación do artigo 6 era por criterios xurídicos.

O Sr. Rodríguez Lorenzo das preguntas que realizou e as explicacións que lle deron sacou a conclusión de que o referido artigo 6 era ilegal tal e como estaba redactado, tendo que procurar adaptar o programa á lei, finalizando a súa intervención para volver a comentar que votaría a favor da proposta.

Por último a Sra. Alcaldesa aludiu a que a rebaixa do prezo non tiña nada que ver coa modificación do artigo 6.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a favor : doce (Grupo Municipal do P.P., Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra : tres (Grupo Municipal do B.N.G.).

Votos pola abstención : cero.

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

“PRIMEIRO: Aprobar Inicialmente a **“MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO PROGRAMA PAIFILLONAI”** que afecta aos artigos 6, 7, 12 e 14, conforme ao texto que figura adxunto a esta Proposta e que a continuación se transcribe:

“Artigo 6.- Beneficiarios/as

O programa Paifillonai municipal de Sanxenxo é un recurso municipal que oferta prazas de atención ós/as nenos/as residentes no termo municipal de Sanxenxo ou doutros municipios con idades comprendidas entre os tres o doce anos.

Artigo 7.- Tipos de usuarios/as

Os/as usuarios/as de Paifillonai poderán dividirse en:

- Usuario/a fixo/a: matriculado/a nos meses de xullo e agosto.
- Usuario/a variable: utiliza o programa en quincenas o por un só mes .

Ademais do anterior, deberase elixir entre dúas modalidades de estancia:

- Horario amplo: sería aquel de catro horas e media ou máis. Os horarios de entrada nesta modalidade estarían comprendidos entre as 08:00h e as 10:00h.
- Horario reducido: sería aquel de menos de catro horas e media. Os horarios de entrada nesta modalidade estarían comprendidos entre as 09:00h e as 10:00h e unha única saída ás 13:20h (sen comedor).

A modalidade de horario amplo contará cun servizo de catering que dará comezo ás 13:30h, polo que ademais do anterior, os/as usuarios/as desta modalidade poderán dividirse en:

- Sen comedor: Os horarios de saída serán ás 13:20h e 14:30h
- Con comedor: Os horarios de saída poderán ser ás 14:30h, 15:30h e 16:45h.

A estancia e os horarios de cada usuario/a do programa sería determinado no momento da matrícula e debendo respectala durante todo o período de matriculación, podendo modificarse en casos debidamente xustificadas pero en todo caso, respectando o numero de horas esixidas dentro de cada modalidade de estancia, onde os/as nenos/as matriculados/as no horario reducido, non poderán permanecer no centro máis de catro horas e media.

Artigo 12.- Datas e horario de funcionamento

O programa Paifillonai levarase a cabo nos meses de xullo e agosto, podendo acceder ó mesmo en quendas mínimas de quince días.

A súa actividade desenvolverase de luns a venres, dende as 08:00 horas ata as 16:45 horas, permanecendo pechado os sábados, domingos e festivos.

A persoa solicitante do programa deberá optar por unha modalidade de estancia (horario amplo ou reducido), elixindo a hora de entrada e saída dentro das opcións dispoñibles en cada unha das modalidades e debendo respectala en todo o período de matriculación, para un mellor desenvolvemento do programa, salvo en casos excepcionais e xustificados. En ningún caso, os/as nenos/as da modalidade de horario reducido poderán permanecer no programa máis tempo daquel que lle corresponde.

Artigo 14 .- Número de prazas ofertadas e selección dos solicitantes.

O número máximo de prazas dispoñibles será de 130 por centro e por quenda mínima de quince días, e o programa só se poñerá en marcha cun mínimo de 50 nenos/as matriculados/as, na totalidade dos meses de xullo e agosto en cada centro.

Haberá un prazo de presentación de solicitudes a fin de coñecer o número de persoas solicitantes deste programa.

No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas farase unha selección e terán prioridade as familias con determinadas características socio-económicas. No anexo II deste regulamento preséntase o baremo que será empregado no caso de ser necesario facer unha selección das persoas solicitantes para axústalas ó número de prazas ofertadas.

O/a Presidente/a do Organismo autónomo "Terra de Sanxenxo" aprobará a lista de admitidos/as, previo informe dos/as técnicos/as competentes do Centro de Información á Muller (CIM) .

Publicarase unha listaxe provisional de persoas admitidas coas puntuacións obtidas, nos taboleiros das dependencias dos Servicios Sociais e/ou da Casa do Concello e concederase un prazo para a presentación de reclamacións de 5 días hábiles.

Ao remate deste prazo, publicarase a listaxe definitiva de persoas admitidas xunto cunha listaxe de agarda.""

SEGUNDO: Expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

TERCEIRO: A eficacia e entrada en vigor da modificación deste regulamento producirase unha vez publicado seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.-----

379 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DO PROGRAMA “PAIFILLONAI” : Polo **Sr. Secretario** dáse conta do dictame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de data 25 de Marzo de 2.010 sobre esta proposta.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do BNG**, sinalou que se o servizo é deficitario significa que algo faise mal, debendo xestionarse directamente polo concello co que sairía máis barato, parecendo que hai interés en adxudicar servizos as entidades privadas e que se pretendía adxudicar por un prezo independentemente do número de nenos. Finalmente citou que tamén se modificaba polas mesmas razóns expostas para o artigo 6 do Regulamento o artigo 4, co que non se beneficiaba aos nenos do concello de Sanxenxo en relación aos doutros concellos a pesar de que o servizo era municipal, precisando que ela si estaba de acordo co programa. Tamén lle pareceu raro que baixara tanto o importe do prezo da limpeza dentro do programa o que lle parecía obscuro.

A **Sra. Alcaldesa**, en primeiro lugar, incidiu que o concello tan só bonifica o prezo aos nenos de Sanxenxo e engadiu que non podía decirse que este concello era dos que privatizaban servizos, lembrando que moitos seguen xestionándose directamente, non obstante, coa xestión mediante contrato cre que se conseguiría un custo menos elevado que con persoal municipal. En canto á baixada do coste da limpeza débese a que agora ía ser realizada, maioritadamente, polos propios monitores.

A **Sra. Fernández Agraso** indicou que o ano pasado o prezo subiu un 20%, datos que sacou do estudo de costes.

A **Sra. Alcaldesa** explicou que o ano pasado non se pudo facer o que se vai a realizar este ano ao non atoparse unha proposta en condicións.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, aludiu a que a baixada do prezo actual non é produto dunha boa xestión, senón que a actuación de anos anteriores foron consecuencia dunha mala xestión municipal, engadindo que, a non coñecerlos custos, absteríase.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que no CIM atenderían, sen problema ningún, ao **Sr. Rodríguez Lorenzo** para explicarlle o funcionamento do servizo e dixo que a xestión era correcta posto que o custo do programa era menor que na maioría dos concellos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** aludiu a que nesta mesma semana convocouse comisión e pleno e lembrou, que a oposición, non ten dedicación exclusiva, polo que, se debía respecta-la e non traballar a esta velocidade.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a favor : once (Grupo Municipal do P.P. e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

Votos en contra : tres (Grupo Municipal do B.N.G.).

Votos pola abstención : unha (Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: Aprobar a “MODIFICACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO PROGRAMA PAIFILLONAI” quedando a súa ordenanza reguladora que consta de **10 artigos, 1 Disposición Final e 1 Anexo** como a continuación se transcribe:

“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO PROGRAMA PAIFILLONAI

Artigo 1º. Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade cos artigos 41 a 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello acorda o establecemento e ordenación do prezo público pola prestación do programa Paifillonai, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2.º Obxecto.

O programa Paifillonai consiste nunha alternativa lúdica e de ocio, posto en marcha dende o Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Sanxenxo, para facilitar á cidadanía neste concello a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, ofrecendo un recurso onde nenos e nenas son atendidos por profesionais de ocio e tempo libre, contribuíndo á educación e ocupación do tempo libre dende valores de respecto, tolerancia, cooperación, convivencia e educación en igualdade.

Artigo 3º. Inicio da obriga

A obriga de pago do prezo público regulada nesta ordenanza nace dende que se poña en marcha o programa Paifillonai do ano correspondente.

O dereito da administración a esixir o pagamento do prezo público virá determinado pola solicitude da prestación do servizo.

Artigo 4.º Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago deste prezo público, as persoas que voluntariamente, ben de forma temporal ou con carácter estable, se beneficien da prestación deste programa.

Artigo 5º. Período de pago

Coincidirá coa permanencia efectiva no disfrute da prestación do programa Paifillonai por parte dos obrigados ó pago, que abrangue os meses de xullo e agosto.

Artigo 6º.- Horarios

O programa Paifillonai levarase a cabo nos meses de xullo e agosto de luns a venres, dende as 08:00 horas ata as 16:45 horas, permanecendo pechado os sábados, domingos e festivos, podendo acceder ó mesmo en quendas mínimas de quince días, de conformidade co artigo 7 do Regulamento municipal do Programa Paifillonai.

Artigo 7º. Percepción

1. O pagamento efectuarase mediante un ingreso/ transferencia bancaria nunha conta designada a este efecto, debendo especificarse:
 - nome e apelidos do/a neno/a
 - concepto: Paifillonai
 - período de tempo que está a pagar
2. O resgardo bancario serve como xustificante de ingreso e deberá entregarse nas dependencias do Centro de Información á Muller (CIM) para rematar o proceso de formalización da matrícula, no prazo prefixado.
3. O pagamento do servizo de comedor poderá ter dúas modalidades:
 - Servizo de comedor habitual por períodos temporais de semanas ou meses: Ingreso bancario indicando o período a pagar, o cal se fará por adiantado, dentro dos 5 primeiros días de cada período mediante transferencia /ingreso bancario, na conta que se sinale, servindo como comprobante de pagamento o resgardo bancario.
 - Servizo de comedor para comidas puntuais: Poderán adquirirse bonos diarios de comedor, que deberán entregarse no propio centro cun mínimo de un día de antelación ao día no que desexa utilizarse.

Artigo 8º.- Exencións e bonificacións.

O/a Presidente/a do Organismo Autónomo ou en quen delegue poderá acordar, en determinadas circunstancias, a exención do prezo público da matrícula para acceder ó programa. Neste caso estarán incluídos aqueles nenos/as pertencentes a familias que residan a maior parte do tempo neste municipio que se atopen en situacións de dificultade social e que os seus ingresos económicos netos do ano anterior a data da solicitude non superen en renda per cápita ao importe mensual da pensión non contributiva establecida anualmente.

A procedencia da exención ou redución acreditarase mediante un informe social elaborado polas traballadoras sociais municipais ou pola educadora familiar municipal dos servizos sociais municipais.

Os beneficiarios que residan a maior parte do tempo neste concello disporán das seguintes bonificacións:

- a) Os matriculados os meses de xullo e agosto:
 - 40% polo primeiro fillo.
 - 55% polo segundo fillo.
 - 70% polo terceiro fillo e seguintes.
- b) Os matriculados un só mes:
 - 30% polo primeiro fillo.
 - 45% polo segundo fillo.
 - 60% polo terceiro fillo e seguintes.
- c) Os matriculados unha quincena:
 - 15% polo primeiro fillo.
 - 30% polo segundo fillo.
 - 45% polo terceiro fillo e seguintes.

Artigo 9º.- Tarifas

As tarifas serán as que figuran no Anexo da presente ordenanza e levarán incluído o imposto sobre o valor engadido.

Artigo 10º. Normas adicionais
- Formalización da matrícula.

1. Unha vez publicada a listaxe de admitidos/as, estes disporán dun prazo de cinco días hábiles para formalizar a matrícula e proceder ó pago do programa.
2. Os/as admitidos/as neste programa que non formalicen a matrícula no prazo fixado para este fin quedarán excluídos/as da asistencia ó mesmo dando pasa ó chamamento dos/as nenos/as que figuren na listaxe de agarda para que formalicen a matrícula no prazo improrrogable de tres días dende o seu chamamento.

- Listaxe de agarda.

No caso de non haber prazas dispoñibles suficientes para satisfacer a demanda deste programa, unha vez publicada a listaxe definitiva das persoas admitidas, confeccionarase unha listaxe de agarda coas persoas solicitantes excluídas.

As solicitudes que foran presentadas fora do prazo establecido a tal efecto tamén se incluírán na listaxe.

Para confeccionar esta listaxe seguirase a orde que resulte da mesma baremación empregada para a selección de persoas admitidas.

Os/as nenos/as en lista de agarda poderán incorporarse ó programa seguindo estrictamente a orde na que figure na lista e, en todo caso, en función das baixas que se produzan.

-Baixa do/a usuario/a

O pai, nai ou titor/a pode dar de baixa a un/unha usuario/a no prazo máximo de tres días antes de comezar a actividade para a quenda na que formalizou a matrícula. Neste caso terá dereito a devolución do prezo público.

A baixa realizada fora do prazo fixado non dará dereito a devolución da cantidade aboada, salvo en casos excepcionais debidamente xustificadas.

A baixa no servizo efectuarase por escrito nas oficinas do CIM, sendo a data na que presenta a solicitude considerada como a data de baixa a efectos de administración e de pagamento.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno do concello de data ***** e será de aplicación a partir do día *****, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

Primeiro. Tarifas

Os solicitantes admitidos/as que residan a maior parte do tempo noutro concello, non terían dereito a bonificacións. O prezo total por praza que terían que aboar sería:

	2 MESES	1 MES	1/2 MES
PREZO HORARIO AMPLO	335 €	175 €	90 €
PREZO HORARIO REDUCIDO	240 €	130 €	70 €

Os solicitantes admitidos/as que residan a maior parte do tempo neste concello terán dereito as bonificacións e descontos referidos no artigo 9º. O prezo total por praza que terían que aboar sería:

MODALIDADE HORARIO AMPLO:	2 MESES	1 MES	1/2 MES
1º FILLA/O	201 €	122,5 €	76,50 €
2º FILLA/O	150,75 €	96,25 €	63 €
3º FILLA/O	100,50 €	70 €	49,50 €

MODALIDADE HORARIO REDUCIDO:	2 MESES	1 MES	1/2 MES
1º FILLA/O	156 €	97,50 €	63 €
2º FILLA/O	120 €	78 €	52,50€
3º FILLA/O	84 €	58,50 €	42 €

Segundo. Outras normas especiais de xestión

Terceiro. Data de aprobación

Aprobada provisionalmente polo Pleno de ***** e será de aplicación a partir do día *****da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de trinta días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no BOP e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo ata entón inicial de forma automática, coa súa publicación no BOP sen cuxo requisito non poderá entrar en vigor.-----

380 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DOS SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL : Polo Sr. Secretario dáse conta do dictame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio de data 25 de marzo de 2.010 sobre esta proposta.

Ao non producirse intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a favor : **trece (Grupo Municipal do P.P., Grupo Municipal do B.N.G. e Grupo Municipal Mixto)**.

Votos en contra : **cero**.

Votos pola abstención : **dúas (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)**.

En consecuencia o Pleno da Corporación, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: Desestimar a reclamación interposta por D^a M^a Teresa Arcos Sánchez, en representación da mercantil “REDTEL, Asociación de Operadores de Telecomunicaciones” e acordar a **aprobación definitiva** da imposición e ordenación da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras dos servizos de telefonía móbil.

SEGUNDO: Publicar no BOP o texto íntegro de dita ordenanza, de conformidade cos artigos 17.3 e 17.4 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo.-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

381 : DACIÓN CONTA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DELEGANDO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL A APROBACIÓN DA REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN OBRAS E SUBMINISTROS DO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTIBILIDADE LOCAL (FEEL) : Polo Sr. Secretario dáse conta da resolución da alcaldía de 27 de xaneiro do ano que andamos que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NUM. 58/10

Tanto o Real Decreto Lei 13/09, do 26 de Xullo, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local como a Resolución do 2 de Novembro de 2009 da Secretaría do Estado de Cooperación Territorial, que desenvolve áquel, establecen, que dentro da documentación a aportar para solicitar as autorizacións de financiamento, figurará acordo Plenario ou da Xunta de Goberno Local aprobatorio das mesmas, no caso de obras, ou de presentación de solicitude, no suposto de Programas de Educación Social. Dado que a Xunta de Goberno Local non ten neste Concello competencias delegadas en materia de contratación ou subvencións e polo que cumpre proceder a unha delegación concreta das facultades da Alcaldía respecto deste asunto concreto. A vista do exposto, dito, a seguinte **RESOLUCIÓN :**

Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia desta Alcaldía para a aprobación da realización de inversión en obras e subministros e da presentación de solicitudes de programas de actuacións social dentro do fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Social.””

A Corporación dáse por enterada.-----

382 : POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 30 DE DECEMBRO DE 2009 ATA O 18 DE MARZO DE 2010 (DE RES. Nº 1380/09 Á Nº 265/10) : A Sra. Presidenta expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía ditadas dende a última sesión ordinaria ata o trinta de decembro de 2.009, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta si se quere algunha aclaración.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, preguntou sobre as resolucións que estiman alegacións en contra das multas impostas como

consecuencia da aplicación da ordenanza do botellón.

A **Sra. Presidenta** indicou que tería os expedientes a súa disposición e lembrou que en algúns casos as sancións económicas trocaban en traballos en beneficio da comunidade.

O **Sr. Durán Bermúdez, concelleiro do Grupo Municipal do PP**, precisou que se estimaron algunhas alegacións, aproximadamente once ou doce, por defecto de forma.

A Corporación dáse por enterada.-----

Seguidamente e, antes de pasar ao punto referido a rogos e preguntas, procedeuse a trata-las seguintes

MOCIÓN :

383 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (P.P.) DE APOIO Á PROPOSICIÓN DE LEI DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR NO CONGRESO DOS DEPUTADOS PARA QUE AUTÓNOMOS E PEMES NON TRIBUTEN POLO I.V.E. DAS FACTURAS NON COBRADAS : Polo voceiro do **Grupo Municipal do Partido Popular D. Ángel Casal Moldes**, dáse lectura da moción que literalmente di :

“”””D. Ángel Casal Moldes, portavoz do Grupo Municipal Popular do Concello de Sanxenxo, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É comunmente aceptado que o colectivo de traballadores autónomos e Pemes son dos que teñen máis importancia dentro do mercado de traballo pola súas diversas funcións de xeradores de emprego e actividade económica e outras de calado social, como as de fixación da poboación no entorno ou a de mantemento de oficios e actividades en risco de desaparición.

É sabido que nos momentos alcistas do ciclo económico a súa actividade coma empresarios é crucial para explicar a posta en valor do mercado laboral e o gran aumento da taxa de emprego. Tendo en conta a estrutura productiva da economía galega e a carencia de grandes empresas, son os autónomos e pequenos empresarios os que asumiron a responsabilidade de seren, coma colectivo, os principais creadores de emprego na nosa Comunidade.

As cifras do colectivo son certamente significativas: en Galicia máis de 230.000 persoas pertencen a este colectivo, e representan 1 de cada 4 afiliados á Seguridade Social na nosa Comunidade Autónoma, e son mais do 70% das Pemes galegas.

Traballadores autónomos e pequenas e medianas empresas están véndose moi afectadas pola crise económica que atravesamos noso país. O número de autónomos afiliados á Seguridade Social estase a reducir e, consecuentemente, a creación de empresas.

“O Pleno do Concello de Sanxenxo acorda apoiar a tramitación parlamentaria, para que se produza coa máxima axilidade, ata a aprobación da Proposición de Lei de modificación da Lei 37/1992 de 28 de decembro do IVE, para permitir a Pemes e autónomos non tributar polo IVE das facturas non cobradas, dando traslado deste acordo plenario ao Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia e ao Goberno de España.

Asemade acorda instar a Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a que proceda a efectuar o correspondente cambio na Lei sobre o IVE, dentro dos límites permitidos pola lexislación comunitaria, permitíndolles ás PEMES e autónomos que non tributen en dito imposto aquelas facturas pendentes de cobro.

Comunicar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, ao Parlamento galego e ao presidente do Goberno do Estado.”-----

384 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (P.P.) EN RELACIÓN CO SISTEMA DE PENSIONÍS : Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular D. Ángel Casal Moldes, dáse lectura da moción que literalmente di :

””””D. Ángel Casal Moldes, portavoz do Grupo Municipal Popular de Sanxenxo, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para o seu debate e, no seu caso, aprobación pola Corporación Municipal en Pleno a seguinte

MOCIÓN

O Goberno de Zapatero vén de anunciar unha **reforma do sistema de pensións** e a posibilidade de retardar a idade de xubilación aos 67 anos. Un debate improvisado que está a crear alarma entre a sociedade, posto que, en plena crise económica e, por primeira vez en moitos anos, todos os pensionistas perderán poder adquisitivo.

Os pensionistas son os que máis están a sufrir os erros económicos do Goberno de Zapatero. As nóminas dos pensionistas este ano son inferiores ás do ano pasado. As pensións de 115.000 galegos veranse recortadas a través dun incremento no IRPF aplicable ás súas pagas.

Zapatero leva dous anos sen actualizar os mínimos da renda, en contra da súa promesa electoral. Isto implica que, co mesmo nivel de ingresos que en 2007, se pagan máis impostos.

Por se fose pouco, o Goberno do Partido Socialista eliminou, precisamente este ano, a deducción de 400 euros que prometeu na campaña electoral de 2008.

Esta deducción que foi outra decisión improvisada, que non beneficiou aos que máis a necesitaban e que supuxo un importante esforzo das arcas públicas.

Agora, no peor momento da recesión, en lugar de manter esta axuda que Zapatero vendeu como respaldo ás familias en tempos de crise, retíranas para todos por igual, sen ter en conta a dramática situación de moitas familias e, por suposto, dos pensionistas.

- O Goberno central está a ocultar a verdadeira situación da Seguridade Social:
- Desde xullo de 2007 perdéronse máis de 1,5 millóns de “cotizantes”.
 - 3 millóns de persoas están a cotizar só mentres lles dure o paro.
 - A Seguridade Social está gastando a un maior ritmo (7%) do que ingresa (0%).
 - O superávit caeu un 30%.

Votos a favor : trece (Grupo Municipal do P.P., Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra : dous (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

Votos pola abstención : cero.

En consecuencia a moción resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación nos seguintes termos:

“Instar ao Goberno do Estado a:

1. Que non recorte o poder adquisitivo dos 115.000 pensionistas galegos afectados pola súa decisión de baixar as pensións en todo o Estado.
2. Que todos os asuntos relativos á modificación do sistema de pensións sexan abordados no seo do Pacto de Toledo, de acordo cos interlocutores sociais e os Grupos Parlamentarios, co fin de asegurar un marco de pensións xusto e sostible.
3. Que se equiparen as pensións de Galicia coas do resto do Estado instando a Xunta de Galicia para que o demande ao Goberno do Estado, dando tamén traslado deste acordo a a Xunta de Galicia.”-----

385 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) SOLICITANDO A ADHESIÓN AO MANIFESTO “GALIZA TEN DEREITO”, SOBRE A FUSIÓN DAS SÚAS CAIXAS : Polo voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. David Otero Domínguez, dáse lectura da moción que literalmente di :

“”””Don David Otero Domínguez , voceiro do Bloque Nacionalista Galego de Sanxenxo,

EXPÓN:

Galiza ten dereito

Estamos asistindo a un proceso de reordenación bancaria, impulsado polo Banco de España e o goberno central, que conleva o risco de que Galiza perda as súas caixas de aforro pola deslocalización dos seus centros de decisión, e que estas entidades de carácter social se transformen en entidades financeiras privadas.

Frente a este risco, as institucións galegas de autogoberno reaxiron. O Parlamento galego adoptou por unanimidade o acordo de establecer como prioridade o mantemento da galeguidade das caixas, a súa solvencia, e a necesidade de tramitar por urxencia a reforma da Lei galega de Caixas.

O Parlamento de Galiza aprobou por ampla maioría unha reforma da Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente alavancas de desenvolvemento da economía produtiva do País.

A resposta do Goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galiza que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colocalas na situación idonea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.

Sen a fusión das dúas caixas galegas, Galiza ficaría sen sistema financeiro propio,

perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.

Conscientes da gravidade da situación, manifestamos:

1.- **Galiza ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente ao servizo do País**, regulado polo seu Parlamento, como expresión do autogoberno. É vital, por tanto, preservar a Lei de Caixas de Galiza.

2.- **Galiza ten dereito a que o Estado respecte o autogoberno galego**. Que non nos dean tratamento de autonomía de segunda, cuestionando a constitucionalidade da lei galega, si non se fixo coa basca, a catalá ou a andaluza. Por que se recorre a nosa e non a deses outros territorios? O Goberno central debe reconsiderar o asunto e aceptar que as institucións galegas de autogoberno, dentro do marco competencial vixente, teñen capacidade para dotarnos do marco xurídico que se considere máis acaído para defender os intereses de todas as galegas e galegos, como ordena o Estatuto de Autonomía de Galiza.

3.- **Galiza ten dereito a propiciar a fusión das súas caixas**. O goberno central tamén debe aceptar que as institucións galegas teñen tanto dereito como as de calquera outra Comunidade Autónoma para impulsar unha fusión dentro do país, cando se cumpren as mesmas condicións. Galiza ten dereito a preservar e garantir a galegitude das caixas galegas coa súa fusión. Unha fusión paritaria, da que xurda unha Caixa solvente como mellor garantía para os seus traballadores, os impositores e todas e todos os galegos.

Está en xogo boa parte do noso futuro, a dignidade do noso autogoberno e perto de 80.000 millóns de euros en activos, isto é, a maior parte do aforro das galegas e dos galegos. Está en xogo que ese aforro se invista aquí ou se desvíe cara a financiar o desenvolvemento doutros territorios.

Galiza debe defender o seu. Ten dereito.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita que o Pleno da Corporación que inste ao Goberno a que adopte o seguinte **ACORDO**:

Adoptar por parte do Pleno Municipal de Sanxenxo a adhesión ao Manifesto **Galiza ten dereito** """".

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, xustificou a urxencia na situación actual na que se encontra o proceso de fusión das caixas galegas con inxerencias que motivan que a cidadanía galega se manifeste para unir forzas.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

O **Sr. Otero Domínguez** indicou que a realidade é a exposta na declaración e que para conseguir un grupo financeiro propio tería que facerse valer o noso país.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, coincide co sinalado no fondo da moción pero non considera conveniente adherirse ao manifesto.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, rogou que as mocións non se presenten no propio pleno senón con 24 ou 48 horas de antelación para poder formarse debidamente unha opinión. Así, con respecto a esta moción, non sabe o que facer dado que o seu propio partido político ten opinións diversas ao respecto, razón pola que finalmente,

vai a absterse.

O **Sr. Otero Domínguez** subliñou que este manifesto era una expresión dun sentimento para que Galicia teña un grupo financeiro propio, considerando o sentido da declaración perfectamente encaixable nun acordo dunha institución municipal. O intervinente lembrou que agora existen unha gran cantidade de colectivos e grupos políticos que apoian este proceso, ao que o PP se incorporou dende unha proposta do BNG, e é preciso unir esforzos para rematar o proceso que está en marcha.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que o **Grupo Municipal do P.P.** ía absterse.

Ao non producirse ningunha intervención máis a **Sra. Presidenta** someteu a votación a moción, na que deuse o seguinte resultado :

Votos a **favor** : tres (**Grupo Municipal do B.N.G.**)

Votos en **contra** : dos (**Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**)

Votos pola **abstención** : dez (**Grupo Municipal do P.P. e Grupo Municipal Mixto**)

En consecuencia a moción, pola maioría simple dos concelleiros/as asistentes a sesión, resultou aprobada nos termos máis arriba transcritos.-----

386 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) SOLICITANDO O APOIO Á EMENDA AO “PROXECTO DE LEI XERAL DE NAVEGACIÓN MARÍTIMA” : Polo **voceiro** do **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. David Otero Domínguez**, dáse lectura da moción que literalmente di :

“””David Otero domínguez, voceiro do Bloque Nacionalista Galego de Sanxenxo,

EXPON:

É de sobra coñecida a historia marítima do noso concello e da vila de Portonovo en particular, cuxo Porto forma parte dos portos pesqueiros tradicionais máis representativos da pesca tradicional galega. Nesta vila, contábase con varias carpinterías de Ribeira onde traballaban numerosos veciños dirixidos polos maestros carpinteiros. Debido, sobre todo á reconversión e desmantelamento que ten sufrido o sector da pesca, estas actividades artesanais esmoreceron, e as poucas que quedaron en pé adaptáronse á demanda comezando a traballar con novos materiais. Compre indicar que nestes pequenos asteleiros foron construídas numerosas embarcacións, a maioría desguazadas e outras navegando aínda hoxe, como é o caso do Platuxa, propiedade da Asociación Amigos da Dorna de Portonovo. Trátase dun barco construído en Portonovo cunhas características singulares na década dos 70, e hoxe en proceso de restauración para uso didáctico e divulgativo. E coma este barco moitas outras tipoloxías de gran interese patrimonial como a dorna, numerosas no peirao de Portonovo antano e hoxe case extinguidas, de non ser por un grupo de veciños que se agruparon en colectivo para defender e promocionar as embarcacións tradicionais.

En xeral, as embarcacións tradicionais e históricas, entendendo como tales, aquelas embarcacións nas que no seu proceso construtivo se utilizaron técnicas artesanais inherentes a unha sociedade ou grupo social, dotándolle dun interese identitario e patrimonial, e que como produto dunha actividade artesanal, está ligada á súa contorna, interactuando coa natureza e a propia historia da

comunidade social, ben pola transmisión dos coñecementos dos artesáns e das artesás, ben polo desenvolvemento da actividade para a que a embarcación foi construída (comercial, cabotaxe, pesca, recreo, etc.), que incentivan e promoven a náutica, as vocacións marítimas e os oficios tradicionais, que como parte que son do legado que nos vincula como pobo ao mar, poden ser consideradas como monumentos culturais viventes e son manexadas de acordo aos principios tradicionais da técnica e a práctica marítima e de acordo e inspirándose nos principios expostos no artigo 46 da Constitución española, a Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO (2003), a Carta de Barcelona (Charter Barcelona) e o Wilhemshaven Memorandum of Understanding (MoU), este último xa asinado polo Goberno do Estado español, e de conformidade cos principios do dereito comparado europeo e o European Maritime Heritage, rexeranse por un estatuto xurídico propio, desenvolvido por vía regulamentaria, que garantirá a súa protección, uso e promoción das mesmas e dos oficios artesanais vinculados a elas, entendendo que forman parte dun legado cultural e patrimonial inherente á sociedade española en xeral, e a galega en particular, e recoñecendo que a conservación de embarcacións con valor histórico nas súas condicións tradicionais e de funcionamento como un vivo patrimonio marítimo común é de interese público.

Dita norma recollerá e unificará nun único estatuto xurídico os criterios e normas a aplicar ás embarcacións tradicionais e históricas nos aspectos de construción, navegación, seguridade marítima, figuras de protección do patrimonio, instrumentos de fomento, réxime fiscal, etc. E deberá entrar en vigor antes dun ano, contado a partir da publicación no Boletín Oficial do Estado da presente Lei Xeral de Navegación Marítima.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita que o Pleno da Corporación a que adopte o seguinte

ACORDO:

1. O Concello do Sanxenxo manifesta o seu apoio á EMENDA ao “Proxecto de Lei Xeral de Navegación Marítima” que contempla a introdución dunha disposición adicional titulada “Protección del Patrimonio marítimo flotante. Estatuto xurídico de las embarcacións históricas y tradicionais”.

2. Ao manifestarmos este apoio, instamos á Comisión de Xustiza del Congreso de los Diputados”, ao tratamento de esta emenda e á súa inclusión no futuro texto legislativo.

3. Dar conta deste acordo á “Comisión de Xustiza” do “Congreso de los Diputados”, e á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial”””””.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, xustificou a urxencia polo feito de que estase a elaborar a Lei Xeral de Navegación Marítima onde se especificarán as normas a aplicar ás distintas embarcacións e con esta moción se pretende que non se deixe fora do seu texto as embarcacións tradicionais e históricas.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

O Sr. Otero Domínguez reiterou os argumentos na moción e na súa anterior intervención especificando que con este acordo se buscaría apoiar a unhas embarcacións que en concellos mariñeiros como o de Sanxenxo tiveron una gran importancia e forman parte da súa realidade social.

O Sr. Casal Moldes amosou o apoio do Grupo Popular a moción pola defensa do patrimonio da historia e da cultura de Galicia.

A **Sra. Aguíñ Pombo** e o **Sr. Rodríguez Lorenzo** amosaron tamén o seu apoio á moción.

Ao non producirse ningunha intervención máis a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, pola unanimidade dos membros da Corporación presentes, resultou aprobada nos termos máis arriba transcrita.-----

387 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOLICITANDO A INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO NA ESTRADA DO COLEXIO DE NANTES ATA O CRUCE COA ESTRADA DO SANTO (R. DE ENTRADA NUM. 1498 DO 09/03/10) : Pola Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista dáse lectura á moción que literalmente di:

“””O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo atrávas da súa voceira Dulcinea Aguíñ Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presente ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN

Os veciños/as de Nantes veñen demandando dende fai moito tempo a instalación de alumeado público dende o colexio público ata o cruce coa estrada do Santo. Este traxecto é moi utilizado debido a que nesa zona atópse o colexio público de Nantes e está ó carón do Circula Cultural e Deportivo de Sanxenxo.

Transitar de noite pola devandita zona é un auténtico perigo porque non existe nin un só punto de alumeado público e ademáis hai un monte a ambos lados.

A cargo do I Plan E levouse a cabo mellorar o alumeado público de Nantes por un importe de 201.224,47.-€ pero en ningún momento se contempbu a instlación dese novo alumeado público.

A cargo do II Fondo de Inversión Estatal vaise levar a cabo actuacións na rede de alumeado municipal encamiñadas o aforro de enerxía eléctrica, algo que está ben pero tamén é necesario a instalación de alumeado público nos lugares que ata a fecha é inexistente e de extrema necesidade.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Que se por parte da Concellalía de Infraestructuras do Concello de Sanxenxo se proceda a instalación de alumeado público na estrada do Colexio de nantes ata o cruce coa estrada do Santo nun prezo breve de tempo”””””.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, xustificou a urxencia aludindo a que se trata dunha demanda veciñal dende fai moito tempo e que en época invernal aínda é máis necesaria.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

A **Sra. Aguíñ Pombo** reiterou os argumentos expostos na moción e na súa

deficiencias que os veciños veñen reclamando, aclarando a continuación a súa situación e que na actualidade non se executou a obra.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, aludiu a que a obra xa se fixo esta semana e a **Sra. Alcaldesa** indicou que por estar de acordo co seu sentido ían apoiar-la moción aínda que, de estar feita a obra, non ten obxecto.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

Ao non producirse ningunha intervención a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, pola unanimidade dos membros da Corporación presentes, resultou aprobada nos termos máis arriba transcrita.-----

390: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO RELATIVA AO CÓDIGO DE BUEN GOBERNO LOCAL (R. DE ENTRADA NUM. 1012 DO 17/02/10) : O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que retiraría a moción relativa ao Código de Buen Gobierno Local se a **Sra. Presidenta** se compromete a levala a Comisión correspondente para o seu estudo e debate, contestando en sentido positivo a **Sra. Presidenta** que engadiu que se non fose así veríase obrigada a pedirle ao poñente que modificara varios apartados para poder aprobar o Código que figura na moción. A vista do manifestado pola **Sra. Presidenta** o **Sr. Rodríguez Lorenzo** retirou a moción relativa ao Código de Buen Gobierno Local.-----

391 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO RELATIVA AO POSIBLE CAMBIO DE SITUACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE SANXENXO E A POSIBILIDADE DE QUE OS VECIÑOS DE AIOS POIDAN SEGUIR ASISTINDO AO CENTRO DE SAÚDE DE BALTAR (R. DE ENTRADA NUM. 851 DO 09/02/10) : En canto a moción do **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, respecto da solicitude ao Sergas de información sobre o mantemento e posible cambio de ubicación do Centro de Saúde de Sanxenxo e que aos veciños de Aios se lles de a posibilidade de elección de Centro de Saúde do que queiran depender, sea do de Baltar-Portonovo ou Revel-Vilalonga, a **Sra. Alcaldesa** solicitoulle ao poñente que a retirara porque non se podía obrigar a un veciño a ir a un determinado centro de saúde. O **Sr. Rodríguez Lorenzo** dixo que o manifestado pola **Sra. Alcaldesa** debía quedarlle claro aos veciños que tiñan unha idea distinta, engadindo que ademais debía facerse un seguimento sobre a situación do centro de saúde de Sanxenxo.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que no Centro de Saúde de Vilalonga se atenderá aos veciños de Vilalonga e Noalla, o que non quere dicir que todas as cartillas teñan que ir a este centro, posto que os veciños teñen liberdade para elixir centro de saúde e médico, precisando que o que quere aclarar, considerando o Centro de Sanxenxo como un dispensario, é que neste termo municipal van a existir dúas áreas sanitarias.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** sinalou que ante o debatido anteriormente , dado que o querido por el era que se aclarara a posibilidade de elección de Centro de Saúde polos veciños,

retirou esta moción.-----

392 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PARA QUE SE SOLICITE DA XUNTA DE GALICIA O RECHAZO DO ANTERPROXECTO DA LEI DE AUGAS QUE SE ESTA TRAMITANDO (R. DE ENTRADA NUM. 9095 DO 17/12/09): Polo Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto dáse lectura á moción que literalmente di:

“””” José L. Rodríguez Lorenzo, representante de VIPS (Veciños Independentes por Sanxenxo) en la Corporación manifiesta:

Ante el intento del Gobierno de la Xunta de Galicia de aprobar la nueva ley de aguas de Galicia, maquillando la anterior, sustituyendo el actual canon de saneamiento por el canon de agua y el canon de vertido, con el fin de aumentar la capacidad recaudatoria de una forma muy importante, que tendrán que soportar los contribuyentes en un servicio que es básico para la sociedad, puediendo multiplicarse por dos o tres lo que pagan actualmente por abastecimiento, saneamiento y depuración.

Consideramos que es un pésimo momento, ante la situación socioeconómica tan crítica que estamos padeciendo, que se intente saquear los bolsillos de los ciudadanos cuando los que tienen que administrar esos recursos –dígase el Gobierno de la Xunta- no hace ningún esfuerzo para contener el gasto y a la vista está el viaje realizado en estos días por el presidente Sr. Núñez Feijoo para apañar los votos mariachis tangueros de ciudadanos que, en una gran mayoría de casos, no han estado nunca en Galicia mientras que vecinos que vivían en nuestro entorno y que han tenido que marcharse a otras comunidades para poder arreglar su vida, no tienen ese derecho, insisto, que no han estado ni tienen pensado estar, en muchos casos, en Galicia y teniendo que esperar, los que aquí mantenemos a Galicia, que lleguen esos votos para saber quien va a Gobernarnos.

Antes de saquearnos más dinero, para ese pozo sin fondo que es una administración mal fiscalizada y gestionada, que nos demuestren con sus acciones y no con sus viajes, que se hace con los impuestos que ponemos en sus manos.

Igual que en otros ayuntamientos de la Galicia están pidiendo que no se apruebe esa nueva “lei de Auga” por el incremento que tendremos que soportar los contribuyentes, someto a la consideración de la Corporación la siguiente

MOCION

QUE SE TOME POR ACUERDO RECHAZAR EL ANTEPROYECTO DE LEI DE AUGAS QUE TRAMITA LA XUNTA, POR TENER COMO UNICA FINALIDAD UNA SUBIDA DESPROPORCIONADA E INJUSTA DE TRIBUTACIÓN EN UN SERVICIO ESENCIAL PARA TODOS LOS CIUDADANOS.””””

O Sr. Rodríguez Lorenzo, xustificou a urxencia no feito de que nos asuntos ou se chega a tempo ou se chega tarde e este é o momento de discutir o referente a unha nova lei de augas, dado que o seu anteprojecto castiga aos concellos

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que foi aprobada pola unanimidade dos membros da Corporación presentes.

O Sr. Rodríguez Lorenzo reiterou os argumentos expostos na moción con especial interese no considerable encarecemento que traerá a lei para os contribuíntes.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, indicou que o que non pode ser é que siga a situación como na actualidade na que Concello de Sanxenxo paga o canon de saneamento á Xunta mentres que outros non o fan, engadindo que votarán en senso negativo a moción.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que se se paga todo o que se presta os servizos van a saír máis caros .

A **Sra. Presidenta** sinalou que, unha vez que se cree o ente, se poderá saber si o servizo e caro ou barato posto que agora o Concello de Sanxenxo cumpre e outros non, que incluso cobran non tendo depuradora, o que é prexudicial para os veciños de Sanxenxo. Engadiu que esperaba unha xestión da auga igualitaria pola Xunta, incluíndo a das dependencias que afecten a varios concellos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** rematou dicindo que a culpa do manifestado pola Alcaldesa tamén era do **PP** pola xestión realizada nos seus anos de goberno na Xunta.

Ao non producirse ningunha intervención máis a **Sra. Presidenta** someteu a votación a moción, na que deuse o seguinte resultado :

Votos a favor : un (Grupo Municipal Mixto)

Votos en contra : nove (Grupo Municipal do P.P)

Votos pola abstención : cinco (Grupo Municipal do B.N.G. e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)

En consecuencia non resultou aprobada a presente moción.-----

ROGOS :

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 11/03/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 1548) : Pola Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, **Dna. Dulcinea Aguín Pombo** procedeuse a retirar o rogo ao que se refire este escrito dado que a deficiencia nel apuntada xa está arranxada.-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 11/03/10 (R. DE ENTRADA NÚM. 1549) : Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, **Dna. Dulcinea Aguín Pombo**, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“”””**ROGO** que formula **Dna Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Na zona da Lanzada só existen marquesinas ó lado dereito da mesma (dirección

Pues bien, la imagen de la Virgen del Monte Carmelo, que veneran los vecinos de Baltar se encuentra guardada todo el año en la capilla conocida con el mismo nombre del barrio: "Capilla de Baltar"

En la actualidad dicha imagen, corre un mínimo peligro pues en la actualidad el tejado de la capilla deja pasar el agua, y aún siendo la patrona de los mares, el agua no le sienta nada bien a la misma. Además su falso techo está cediendo y de seguir se caerá posiblemente en poco tiempo.

Por ser la capilla una construcción mas simbólica que practica, dedicada a la guarda de la imagen (su tamaño no es suficiente para celebrar en ella ningún tipo de acto religioso), tiene una superficie mínima, unos 35 metros cuadrados , y por lo tanto también su cubierta es pequeña.

Estos días una de las personas que durante el año cuidan y limpian interiormente la capilla, nos ha solicitado que, a través de nuestra intercesión se tome el acuerdo de que solicitemos la urgente reparación del tejado de la capilla, por entrar en la misma agua que puede dañar las imágenes, por ello, es por lo que, solicitamos, a través del siguiente.

RUEGO:

Que con nuestros profesionales, que nos consta que los tenemos muy buenos para llevar a cabo la reparación del tejado, se subsane dichas deficiencias, además del pintado de los laterales de la puerta de entrada (enrejado metálico), y el interior de la misma. Todo ello tendrá un gasto mínimo para las arcas municipales y perfectamente asumible por resolución presidencial.

Que en un futuro, si se considera por quien corresponda, su exterior sea rechapado, forrado, en piedra.

Sinceramente desconocemos, la propiedad de la misma, al igual que le ocurre a varios vecinos con los que hablamos"""".

O Sr. Rodríguez Lorenzo sinalou que agora xa sabía que a propiedade non era da Igrexa senón dos veciños.-----

5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 17/12/09 (R. DE ENTRADA NÚM. 9099) : Polo Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

""""JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ LORENZO, representante en la Corporación , del partido político **VIPS (Vecinos Independientes Por Sanxenxo)**, manifiesta

Estamos en unos momento en los que ya no vale cualquier cosa, con tal de dar el servicio que demandan y pagan los usuarios, un municipio turístico como es Sanxenxo no se puede permitir determinados feísmos y mucho menos cuando estos tienen solución y quien se la debe dar es la empresa que cobra por lo que los clientes le demandan y que además es una cuestión imprescindible en los tiempos en los que vivimos. Desde VIPS estamos de acuerdo que una subestación como la de Vilalonga, tiene que desaparecer de ahí en un tiempo tan prudencial como sea preciso para que solo sea el que lleve redactar los proyectos para su nueva ubicación y las autorizaciones correspondientes para sus nuevos tendidos, subterráneos.

Pero esta nota, no es exactamente para hablar de Vilalonga, y sí para hacerlo de algo mucho más sencillo y fácil de solucionar; algo que no puede seguir mas tiempo ocupando la superficie que lo hace hoy en día, como él, muchos repartidos por todo Galicia.

3º) 2ª, 3º e 4ª) DO ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 16.11.09 (R. DE ENTRADA NÚM. 7978) : Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto e representante do VIPS, D. José – Luis Rodríguez Lorenzo, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“”””José L. Rodríguez Lorenzo, representante de **VIPS (Veciños Independientes Por Sanxenxo)** en la Corporación manifiesta:

Para su contestación en el próximo pleno a celebrar, o si lo desea en cualquier momento antes de la celebración del mismo (por escrito), nos puede dar respuesta a las siguientes

Preguntas:

- Le recordamos que nuestro grupo, VIPS, le solicitó más de una vez, a petición de la asociación de padres de alumnos, que gestionase para la retirada del famoso poste en medio del cruce de carreteras en el instituto de Vilalonga. Según Usted estaban a punto de retirarlo pues los trámites estaban avanzados. Como el poste sigue en la encrucijada y el peligro está presente, ¿nos puede informar de cómo están las gestiones para su retirada.
- Sra. Alcaldesa y concejales de Vilalonga, ¿sería posible el acondicionamiento y asfaltado de la pista que discurre desde la Salgueira hasta la Arnosa. Pensamos que dadas las condiciones en las que se encuentra su firme y arcenes, merece que se intervenga sobre la misma; al tiempo que convierte nuestro municipio en mas turístico al acercarnos a nuestras costas por “pistas “transitables, decentes. De no ser posible meterlo en el nuevo plan E, se procure hacerlo en los presupuestos de 2010.
- Como se encuentran las previsiones, en cuanto a fechas, para el remate del centro Sociocultural de Villalonga””””.

En canto a primeira das preguntas deste escrito a **Sra. Alcaldesa** aludiu a dificultade de buscar unha solución posto que o difícil non era sacar o poste senón volver a colocalo, engadindo que se deu un último prazo para buscar unha solución.O **Sr. Rodríguez Lorenzo** indicou que apoiaría a expropiación como última opción e que habería que ver si era posible o soterramento.

Polo que respecta a segunda das preguntas deste escrito a **Sra. Alcaldesa** explicou que a obra non se atopa no presuposto ni no Plan E, o que non quere dicir que non se faga cando finalice o mal tempo.

Finalmente a **Sra. Alcaldesa** contestou a terceira pregunta do escrito que as obras se atopan suspendidas ata que se proceda a reforma do proxecto.-----

5ª) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 25.02.10 (R. DE ENTRADA NÚM. 11598) : Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto e representante do VIPS, D. José – Luis Rodríguez Lorenzo, dáse lectura ao escrito que literalmente di:

“”””José-Luis Rodríguez Lorenzo, concejal, representante por el partido político VIPS (Veciños Independentes Por Sanxenxo), en la Corporación, expone:

Como estos días se habla, de nuevo, del empezado a gestar por el anterior Gobierno bipartido: Plan de Transporte Metropolitano. Municipios como Pontecaldelas, Poio, Marín, Cotobade, Vilaboa y Sotomayor, comprenden en el área que abarcará, mientras que Sanxenxo, sigue quedando excluido al igual que lo hacía el anterior gobierno formado por el bipartito, a pesar de abarcar hasta nuestras fronteras territoriales.

Entendemos desde VIPS, que un Plan de Transportes Metropolitano se orientará hacia formas de desplazamientos mas sostenibles, para lo que se tendrá que hacer un gran esfuerzo inversor en elementos de infraestructura para transporte público que garanticen los servicios entre los actuales y los posibles nuevos desarrollos urbanos, todo ello con una base que le lleve a un funcionamiento eficiente, socialmente cohesivo y ambientalmente sostenible.

Puesto que la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e infraestructuras está manteniendo reuniones con todas las partes implicadas, entre ellas los concellos que en principio conforman al área de actuación; pero que aún no es de una configuración definitiva, cerrada. Y por el indudable interés que el establecimiento de dicho Plan de Transportes tendría para nuestro municipio desde el momento que se ponga en marcha, formulamos ante el Pleno de la Corporación, la siguiente

PREGUNTA:

NOS PUEDE DAR CUENTA DE LAS GESTIONES QUE ESTÁ REALIZANDO (DE SER ASÍ), CON EL FIN DE QUE EL MUNICIPIO DE SANXENXO SEA INCLUIDO EN EL PLAN DE TRANSPORTES METROPOLITANOS DE PONTEVEDRA, POR EL INDUDABLE INTERÉS QUE TIENE PARA TODOS LOS VECINOS EL QUE ESTEMOS BIEN COMUNICADOS CON EL ÁREA DE INFLUENCIA DE NUESTRO MUNICIPIO Y DE LA QUE DEPENDEMOS PARA MÚLTIPLES SERVICIOS Y GESTIONES DIARIAS. ¿HAY POSIBILIDADES DE QUE PUEDA SER INCLUIDO SANXENXO EN ESTE INICIO DEL PLAN? ”””””

A **Sra. Alcaldesa** explicou que había posibilidade e compromiso para lograr a inclusión no Plan posto que Sanxenxo ten que figurar nel e lembou que este era o único Concello que tiña un servizo municipal de transporte que se pode conectar cos que se establezan. Sinalou que o primeiro criterio que se seguiu para a inclusión era a consideración de ser concello limítrofe pero dadas as características deste Concello era fundamental a súa inclusión no Plan e agora xa existe un compromiso en firme ao respecto.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do BNG**, solicitou que se lle contestara por escrito a unha pregunta formulada por esta vía cando neste pleno se acaba de contestar outra sobre o mesmo asunto realizada por outro membro da Corporación. A **Sra. Alcaldesa** indicou que se contestará por escrito a pregunta formulada pola **Sra. Fernández Agraso**.-----

A **Presidencia** da por rematada a sesión sendo as vintedúas horas e corenta e oito minutos, de todo o que, como Secretario, **DOU FE** :